

## CONVOCATORIA DE DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE 2024-2025

De conformidade cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e consonte a Instrución nº 1/2017, da Secretaría Xeral, sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias, o alumnado da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría poderá solicitar a dispensa de asistencia a clase, mediante solicitude motivada e debidamente acreditada.

### 1. Solicitudes.

A solicitude, xunto coa documentación xustificativa correspondente, enviarase por correo electrónico ao seguinte enderezo [eps.uaxcd@usc.es](mailto:eps.uaxcd@usc.es).

O formulario e a información da convocatoria atópase en:

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-politecnica-superior-ingenieria/dispensa-asistencia>

O prazo de envío será:

- 1º prazo: **1 agosto 2024 - 13 setembro 2024**. Neste prazo poderanse incluír materias dos dous semestres e anuais.
- 2º prazo: **20 xaneiro 2025 – 4 febreiro 2025**. Prazo exclusivo para materias do 2º semestre.

No suposto de concorrer causas imprevistas e sobrevidas poderán presentarse con posterioridade aos prazos sinalados.

### 2. Causas para a solicitude de dispensa.

a) A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza na Facultade do alumnado. Esta circunstancia deberá estar acreditada polo servizo de saúde público.

b) O coidado de dependentes a cargo ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá acreditarse coa documentación oficial correspondente.

c) A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia, sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial. Para acreditar esta circunstancia os traballadores por conta allea deberán aportar copia da alta no réxime Xeral da Seguridade Social, do contrato e do horario de traballo; e os traballadores autónomos copia da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, do recibo de pagamento da última cotización e do horario de traballo.

d) A persoa que presentou unha denuncia por acoso, ou por outros comportamentos semellantes, sempre que ela considere máis adecuado para a súa saúde a dispensa.

### 3. Alumnado con necesidades educativas especiais.

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá optar por solicitar unha planificación e seguimento da súa actividade académica que estea adaptada ás súas necesidades ou solicitar a dispensa de asistencia a clase e establecer a adaptación para o sistema de avaliación. A Comisión de Docencia, Validacións e Intercambios, aprobará a planificación que considere axeitada, previa solicitude dos informes que considere oportunos, que será comunicada a todos os Departamentos afectados.

#### 4. Resolución.

O centro, poderá conceder ou denegar as solicitudes de dispensa de forma motivada. No caso de ser aceptada, producirá efectos a partir da data na que foi solicitada. Neste caso, a concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral das materias. Será requisito que os estudantes se poñan en contacto co profesorado responsable das materias a fin de establecer un plan de traballo.

A resolución provisional será publicada no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do centro.

Contra esta proposta, as persoas solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de 5 días hábiles desde a publicación da mesma, no mesmo enderezo electrónico no que presentaron a solicitude.

Transcurrido este prazo, a resolución pasará a ser definitiva publicándose novamente no taboleiro electrónico da USC e na páxina web do centro.

A Directora da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Rosa Romero Franco

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ROSA ROMERO FRANCO, DIRECTOR A DA ESCOLA POLITECNICA SUPERIOR DE ENXEÑARIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/07/2024 13:31:03.

**CSV:** 8905-FF72-43A2-84AD